

Noite coral lucense - Lugo - Sábado 9 de xullo 2022

Igrexa de S. Pedro, 20.30 h

Orfeón Lucense

Marcos Manuel Fernández Mosquera, director

Pierre de la Rue (1452 -1518) O Salutaris Hostia

Fra Marc´ Antoni da San Germano (S. XVI) Cristo al morir tendea

Johann Sebastian Bach (1685 1750) An Wasserflüssen Babylon, BWV 267

Johan August Söderman (1832-1876) Virgo gloriosa

Theodore Dubois (1837-1924) Adoramus te, Christe

Arr: Edgar Pettman (1866–1943) Gabriel´s message

Charles Villiers Stanford (1852-1924) O for a closer walk with God

Orfeón Lucense

O Orfeón Lucense, que ten como antecedente o fundado no século XIX por Xoán Montes, é un grupo coral creado en 1982 en Lugo polo sacerdote e compositor Xosé Castiñeira Pardo. A súa condición de coro titular da Catedral explica o peso da música sacra no repertorio do grupo. Neste sentido, o desexo dos sucesivos directores de incorporar ao repertorio de pezas en varios idiomas, e de autores tanto españois como internacionais, desde Mozart a Kodaly, desde Dvorák ás Cantigas de Afonso X o Sabio, non limitado ao consagrado e coñecido nin a unha certa época histórica. Para o Orfeón Lucense a música secular é tan importante como a música relixiosa. Se en 1992 interpretou *Non chores Sabeliña* cun notable éxito de público, hoxe en día é frecuente a presenza de pezas corais de zarzuelas e pezas tradicionais galegas. No 2009, comezou unha decisiva etapa baixo a dirección de Xesús Mato Mato, prestixioso musicólogo e activista musical e social, que transmitiu ao Orfeón a alegría e vivacidade que o caracterizan, unindo á formación e fortalecendo a súa vocación de Coro oficial da Catedral lucense e agrupación senlleira na provincia de Lugo. Desde 2012 é o seu director Marcos Manuel Fernández Mosquera

Marcos Manuel Fernández Mosquera

Natural de Oviedo, é nesta cidade onde contacta por primeira vez coa música coral formando parte como neno cantor da Escolanía del Cristo de las Cadenas. En 1992, trasládase a Lugo e entra a formar parte do Orfeón Lucense onde, animado polo daquela director Nemesio Gutiérrez, realiza estudos de canto lírico no Conservatorio Profesional de Música de Lugo. En 2012, asume a dirección do Orfeón, que renova con rigor a través da incorporación de novas voces e a ampliación do repertorio con novos estilos e formas musicais, pero sen desvirtuar nin perder de vista a propia identidade da agrupación.

Dirixe outros grupos vocais da cidade e colabora como barítono solista na Agrupación Lírica Encantandos de A Coruña, a Aula de canto da Escola de música de Fingoi en Lugo...

Igrexa de S. Froilán, 21.10 h

Solo Voces

Fernando Gómez Jácome, director

Anton Bruckner (1824 – 1896) Locus iste

Edward Grieg (1843 – 1907) Ave maris stella

Xoán Montes (1840 – 1899) Genitori

Jouzas Naujalis (1869 – 1934) In monte oliveti

G. Leitung (n. 1967) Christus factus est pro nobis

Bob Chicott (n. 1955) Were you there?

Philip Stopford (n. 1977) Lully, Lulla, Lullay

O **Grupo Vocal Solo Voces** foi fundado en Lugo no ano 1992 polo seu actual director, Fernando Gómez Jácome, coa idea de facer repertorio a capela por un lado de arranxos de música moderna e por outro da interpretación da música antiga. Co tempo converteuse nun coro de cámara que lle permitiu acceder a outro tipo de repertorio, especializándose na recuperación da música vocal galega, tanto a capela como colaborando coas principais orquestras galegas: Orquestra Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Vigo 430, e outras formacións como a Orquestra clásica de Xove ou o Orpheon Consort de Viena e instrumentistas como os organistas Juan de la Rubia, Arturo Barba, Inge Beck, Ulrike Northoff, Gabriele Giacomelli e Giulio Mercati. Tamén ten investigado e realizado en concertos repertorios (de Xoán Montes, Juan Antonio Moreno Fuentes...) tomados dos arquivos de música da Catedral de Lugo e do Seminario Diocesano de Lugo. Ten participado en Festivais de Música como o IX Certame de Música Sacra de Ourense, a Semana de música do Corpus lucense e do Festival de Órgano do Corpus Christi de Lugo, VII Bienal de polifonía regional autóctona (Cangas de Onís), II e VI Ciclo de Música Sacra de São Pedro de Rates (Portugal), Temporada de Música Antiga no Douro en Lamego (Portugal). Tamén destaca a participación no II Festival de música de Compostela e os seus camiños VIA STELLAE e no Ciclo de música vocal de ESPAZOS SONOROS.

Fernando Gómez Jácome iniciouse na música con Xosé Castiñeira á idade de 14 anos. Aínda que a súa formación musical é basicamente autodidacta formouse en dirección coral con mestres nacionais e internacionais como Manel Cabero, Javier Busto, Julio Domínguez, Carl Høgset ou Fernando Eldoro, e en técnica vocal con Antón de Santiago, Montserrat Pueyo, Kevin Smith, entre outros. Ten impartido seminarios, cursos e obradoiros de música coral na Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de A Coruña e para outras institucións. Nos últimos anos forma parte do equipo docente do Curso de Música Litúrxica do Corpus Christi de Lugo. No 1992 fundou o grupo vocal Solo Voces e na actualidade dirixe varias formacións corais na cidade de Lugo.

Igrexa de Santiago A Nova, 21.50 h

Coro do Hospital de Lugo
Elena Rodríguez Fernández, órgano
Fernando Gomez Jácome, director

Jacob de Haan (n. 1959) Missa brevis *Kyrie, Sanctus, Benedictus, Agnus Dei*

Franz Schubert (1797 – 1828) Misa alemá. D 872: Zum Sanctus

C. Gabarain (1936 - 1991) / arr. Beatriz Corona (n. 1962) Pescador de hombres

O **Coro do Hospital de Lugo** naceu no 1991 no antigo Hospital Xeral de Lugo. Como entidade ligada ao mundo sanitario participa nos actos culturais do novo complexo Lucus Augusti, en eventos do Colexio Médico, da Escola Universitariae do Colexio de Enfermería. Fóra de Galicia actuou en León, Avila, Toledo, París, Viena, Praga, Budapest, Roma (Basílicas de San Pedro, Santa María Maggiore e igrexaespañola de Santiago de Monserrat). No 2007, co gallo do Centenario do Centro Gallego, convidada polo «Instituto de Cultura Galega», viaxou ata Buenos Aires, onde celebrou tres concertos. En Portugal ten participado en Linda-Velha (Lisboa) e nos Encontros musicais en Terras da Feira (Casa da Gaia, Argoncilhe), e Póvoa de Varzim. Participou nos Certames da TVG «Con Música Propia», Corais galegas «Vila de Marín» e «Galicia Cantat», por Fecoga e Xunta de Galicia, Concellería de Cultura. Nos últimos anos ven participando na Noite Coral lucense (anos 2018, 2019 e 2021). Ten gravados 2 cedés: *DEZ ANOS CANTANDO* (2001) e *VINTE ANOS CANTANDO* (2011). Desde hai preto de 30 anos o seu director é Fernando Gómez Jácome.

Fernando Gómez Jácome iniciouse na música con Xosé Castiñeira á idade de 14 anos. Aínda que a súa formación musical é basicamente autodidacta formouse en dirección coral con mestres nacionais e internacionais como Manel Cabero, Javier Busto, Julio Domínguez, Carl Høgset ou Fernando Eldoro, e en técnica vocal con Antón de Santiago, Montserrat Pueyo, Kevin Smith, entre outros. Ten impartido seminarios, cursos e obradoiros de música coral na Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de A Coruña e para outras institucións. Nos últimos anos forma parte do equipo docente do Curso de Música Litúrxica do Corpus Christi de Lugo. No 1992 fundou o grupo vocal Solo Voces e na actualidade dirixe varias formacións corais na cidade de Lugo.

Círculo de las Artes, 22.30 h

Gruppo vocale S. Bernardo

Giovanni Pierluigi da Palestrina (1525-1594) Tu es Petrus A 6 voces

Max Reger (1873-1916) Nachtlied, op. 138 n.º 3 A 5 voces

Giulio Mercati (1971) Santa María, strela do día A 7 voces

Josef Rheinberger (1839 – 1901) Abendlied, op. 69 n.º 3 A 6 voces

Gruppo vocale S. Bernardo

O Gruppo vocale S. Bernardo foi fundado en 1995, tendo como finalidade primaria a animación musical para a liturxia. Giulio Mercati é o director da agrupación dende a súa fundación. En 1999, a formación comezou a realización de concertos, mantendo, porén, tamén nestas ocasións, a súa invitación á meditación e á oración a través da música. Co paso do tempo, o coro transformouse nun grupo de cámara que aborda con poucos elementos e a miúdo a partes reais, un repertorio moi extenso e complexo que se estende dende os cantos ambrosianos ata á polifonía renacentista, dende a literatura do século XIX, ao repertorio do XX. A formación gravou o seu primeiro disco en 2018 para Tactus, produción adicada integramente ás obras de Giulio Mercati. O Gruppo Vocale S. Bernardo presta servizo no Santuario della Beata Vergine dei Miracoli e na igrexa de S. Francesco, en Saronno, e na igrexa de S. Maria degli Angioli en Lugano, con concertos e liturxias. A súa actividade é intensa e prezada.

Claustro da Catedral de Santa María, 23.10 h

Orfeón Lucense

Solo Voces

Gruppo vocale S. Bernardo

Coro do Hospital de Lugo

Quartetto di Brescia

Nicolás Varela, órgano positivo

Giulio Mercati, director

Programa

Jacob Handl (1550-1591) Sapientiam omnium A 12 voces

Giovanni Gabrieli (1557-1612) Canzon Primi Toni Para cuarteto de trombóns

Luca Marenzio (1554-1599) Super flumina A 12 voces

Michael Praetorius (1571-1621) Danzas francesas Para cuarteto de trombóns

Hieronymus Praetorius (1560-1629) Tota pulchra es A 12 voces